



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 2

Unidade didáctica 8

Educación literaria

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal	3
2.	Secuencia de contidos e actividades	5
2.1	A linguaxe literaria: características xenéricas dos textos literarios	5
2.1.1	Características da linguaxe literaria	5
2.1.2	As formas de expresión literaria.....	7
2.2	El texto narrativo: punto de vista, tempo y espacio, personajes principales	8
2.2.1	Elementos de la narración.....	8
2.3	O texto teatral: os subxéneros teatrais.....	15
2.4	A análise de textos literarios. O comentario de textos	17
2.5	La novela gráfica y el cómic. Texto e imagen	22
2.5.1	El origen del cómic	23
2.5.2	El lenguaje del cómic	24
2.5.3	Iconografía del cómic	25
2.6	El cine: subgéneros cinematográficos.....	30
2.6.1	Características de los géneros cinematográficos y categorías	30
3.	Actividades complementarias.....	37
4.	Solucionario.....	40
4.1	Solucións das actividades propostas	40
4.2	Solucións das actividades complementarias.....	46
5.	Glosario.....	51
6.	Bibliografía e recursos	53
7.	Anexo. Licenza de recursos	56

1. Introducción

1.1 Descrición da unidade didáctica

A linguaxe que usamos todos os días pode transformarse para aumentar as súas posibilidades expresivas. Podemos usar técnicas e recursos para engadir á linguaxe un novo ritmo, para que provoque en nós estrañeza ou para que impresione a nosa imaxinación, a intelixencia ou a memoria. Cando facemos iso transformamos a linguaxe normal en lingua literaria. Nesta unidade didáctica trataremos das características da linguaxe literaria, é dicir, deses elementos que converten a lingua en literatura.

1.2 Coñecementos previos

Nesta unidade, ademais das características principais dos textos literarios e de seguir profundando nos textos teatrais, imos ver tamén outras dúas disciplinas fortemente ligadas á imaxe e á palabra: o cómic e o cine. Todos vostedes de seguro leron algunha vez unha historieta de *Mortadelo e Filemón* ou seguiron as aventuras do galo *Astérix* e, por suposto, poderían citar moitos títulos de películas inesquecibles...

Cómic, cine e literatura teñen en común o emprego da palabra como fío condutor do seu entramado. Seguro que sabe máis deste tema do que pensa...

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Cando inicie o estudo desta unidade, debe ter presentes os contidos da unidade 6 deste mesmo módulo 2, na que se estudan os textos descritivos e xornalísticos. Por outra banda, na unidade 4 do módulo 1 correspondente á **educación literaria**, falamos xa dos textos narrativos e dos seus principais subxéneros.

Como vén sendo propio do ámbito, mestúranse textos e contidos en castelán e en galego indistintamente.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 5. Comunicación oral

Esta unidade completa a UNIDADE 1 traballada no módulo anterior. Presenta unha estrutura en tres bloques de contido que poderían prepararse, apoiando o traballo de estudo coa realización das actividades propostas e complementarias, ao longo de dúas semanas.

Unha primeira semana destinaríase a desenvolver os apartados 2.1 e 2.2, nunhas seis horas de estudo. O apartado 2.3 prepararíase nunhas catro horas de traballo da semana seguinte.

Unidade 6. Gramática da lingua

Esta unidade vai reforzar contidos xa traballados na unidade 2 do módulo anterior. Presenta unha estrutura en tres bloques de contidos aos que deberá dedicar un total de cinco semanas.

Nas dúas primeiras ocuparíase vostede do apartado 2.1, na terceira e cuarta, do apartado 2.2 e na última, do apartado 2.3. En todas as semanas debe dedicar un mínimo de seis horas á asimilación dos contidos presentados e á realización das actividades propostas e complementarias.

Unidade 7. Comunicación escrita

Esta unidade vai reforzar contidos xa traballados na UNIDADE 3 do módulo anterior. Presenta unha estrutura en dous bloques de contidos aos que deberá dedicar un total de catro semanas.

Nas tres primeiras semanas ocuparíase vostede do apartado 2.1, na cuarta, do repaso do visto e do apartado 2.2. En todas as semanas debe dedicar un mínimo de seis horas á asimilación dos contidos presentados e á realización das actividades propostas.

Unidade 8. Educación literaria

Nesta unidade recoméndase repartir o traballo de estudo e elaboración das actividades propostas e complementarias ao longo de tres semanas. Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver os apartados 2.1 e 2.2, nunhas seis horas de estudo; o apartado 2.3 e 2.4 prepararíase nunhas catro horas de estudo noutra semana e os apartados 2.5 e 2.6 veríanse nunha terceira sesión.

Coma sempre, lembre que o seu traballo persoal na casa é fundamental e necesario para acadar uns resultados positivos na súa formación e posterior avaliación.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 A linguaxe literaria: características xenéricas dos textos literarios

Todas as obras literarias son, de seu, actos de comunicación sumamente estruturados. Hai un emisor (o autor) e un receptor (o lector) e, aínda que existen numerosos xéneros literarios coas súas particularidades e características, existe un código máis ou menos xeral a todos, que é o que coñecemos como a *linguaxe literaria*.

Aínda que todos os falantes dunha comunidade lingüística utilizan a mesma lingua, existen nela diferentes rexistros e formas. Unha delas é a linguaxe literaria, que é diferente á linguaxe común. É normal que, tal como falan os personaxes dunha novela, ou tal como se describe nela unha paisaxe ou unha situación, non sexa a maneira na que un amigo lle conta a outro, na vida real, o que viu nunha viaxe. Aínda que a intención comunicativa sexa a mesma, os usos e expresións que empregamos para levala a cabo varían.

TEXTO NON LITERARIO	TEXTO LITERARIO
<p>MAR substantivo masculino</p> <p>1 Enorme extensión de auga salgada que cobre gran parte da Terra. <i>Navegar por mar. Hai peixes de mar e peixes de río.</i></p> <p>2 Parte determinada desa extensión. <i>O mar Cantábrico.</i></p> <p>3 Movemento das augas do mar. <i>Hoxe os barcos non saíron do porto porque había moito mar.</i></p> <p>4 Figurado Grande extensión ou gran número de algo. <i>Un mar de area. Había alí un mar de xente. Desfacíase nun mar de bágoas.</i></p> <p>5 Astronomía Grande extensión chan e moi escura na superficie dun astro. <i>Hoxe na clase faláronlles da Lúa e o mar da tranquilidade.</i></p>	<p>"Ondas do mar de Vigo, se vistes meu amigo? E aí Deus!, se verra cedo? Ondas do mar levado, se vistes meu amado? E aí Deus!, se verra cedo? Se vistes meu amigo, o por que eu sospiro? E aí Deus!, se verra cedo? Se vistes meu amado, por que ei gran coidado? E aí Deus!, se verra cedo?"</p>
DICIONARIO REAL ACADEMIA GALEGA	MARTÍN CÓDAX

2.1.1 Características da linguaxe literaria

A linguaxe literaria conta coas seguintes características:

- **Plurisignificación:** a linguaxe literaria dá lugar a moitas interpretacións dun mesmo texto, fai descubrir relacións insospeitadas e pode suxerir tantos sentidos como lecturas se fagan. Moitas veces dise que é distinto ler un mesmo libro en dúas épocas distintas da vida, ou que cada lector dá a cada libro un sentido distinto. É, como vemos, unha característica propia e fundamental da literatura.

- **Connotación:** as palabras cárganse de novos significados que invitan o lector a dar ao texto un sentido que, xeralmente, vai máis alá do seu significado habitual, ou denotativo. O texto literario suxire cousas que, ás veces, están escondidas, entrelazadas, esperando a ser descubertas polo lector atento.

DENOTACIÓN	CONNOTACIÓN
SIGNIFICADO REAL DUNHA PALABRA CHUVIA: auga que cae das nubes en forma de pingas.	SIGNIFICADO PERSOAL E INDIVIDUAL DUNHA PALABRA CHUVIA: Tristeza, melancolía, morriña. "Chove, chove na casa do pobre e no meu corazón tamén chove." CELSE EMILIO FERREIRO

(Revise estes mesmos conceptos desenvolvidos no punto 2.3.2 da unidade 6 deste módulo 2).

- **Orixinalidade:** esta linguaxe foxe de expresións gastadas e típicas. Busca crear novas expresións, novas acepcións de palabras, incorpora cultismos e recupera xiros populares. En resumo, aproveita ao máximo o sentido figurado e usa os diferentes recursos da retórica na súa máxima expresión (*hipérbole, antítese, ironía, metáfora* etcétera).
- Predominio da **función poética:** entre todas as funcións da linguaxe, esta é a máis utilizada, o que se reflicte no seguinte:
 - Búscase que o lector experimente pracer estético ao ler, de forma que a expresión se desvíe do uso común para que produza estrañeza e admiración. Dese xeito, céntrase a atención do lector sobre o propio código.
 - Os termos elixidos selecciónanse e combínanse tendo en conta previamente algún tipo de equivalencia que os relaciona entre si. En moitos casos esta equivalencia é fonética, buscando que o son asemelle a realidade que se intenta representar.
 - A linguaxe faise recorrente: o que xa apareceu unha vez, volve aparecer de novo. É tamén unha forma de que o lector se fixe no propio código e o encontre esteticamente pracenteiro. O máximo grao de recorrencia atopámolo na poesía, que se compón dunha repetición das mesmas estruturas: versos, estrofas...
 - Uso das *figuras retóricas*, que causan estrañeza no lector e contribúen a dotar o texto de maior riqueza de significados. Son, pois, "ferramentas" para conseguir efectos estilísticos. En xeral, os recursos literarios ou figuras baséanse nos principios de *recorrencia, contraste, elisión, substitución, intensificación...* e afectan a todos os niveis da lingua. (Lembre que os *recursos literarios* foron xa estudados na unidade 4 do módulo 1).

2.1.2 As formas de expresión literaria

A **elección da prosa ou do verso** como vehículo de expresión ten extraordinaria importancia, e vén motivada polas necesidades expresivas do autor e polo xénero elixido:

- **O verso:** é unha forma de expresión **suxeita a diversos ritmos**:
 - De cantidade (métrica: versos co mesmo ou diferente número de sílabas).
 - De intensidade (regularidade na posición dos acentos).
 - De ton (entoación exclamativa, interrogativa, enunciativa) e pausas (versal, estrófica, encabalgamentos...).
 - De timbre (repetición de sons, rima).
 - Sintáctico (paralelismos, anáforas...) etc.
- **A prosa** implica unha maior liberdade para o creador, pois **carece de esquemas rítmicos predeterminados**. O discurso resulta máis natural, máis cercano ao uso común da lingua. Pero isto ás veces só sucede en aparencia: moitas veces encontramos textos en prosa cun ritmo interno logrado con paralelismos, reiteracións e figuras de todo tipo...

Actividad propuesta

S1. Lea el siguiente texto de Antonio Machado y reflexione sobre su significado:

La materia en que las artes trabajan, sin exceptuar del todo a la música, pero excluyendo a la poesía, es algo feble, no configurada por el espíritu: piedra, bronce, ladrillos, sustancias colorantes, sonidos: naturaleza bruta: cosas y hechos de cuyas leyes, que la ciencia investiga, el artista, como tal, nada entiende.

El material que el lírico maneja es la palabra. La palabra no es materia bruta. No os costará demasiado trabajo comprender la diferencia que existe entre un montón de piedras y un grupo de vocablos, entre un diccionario y una cantera. Sin embargo al poeta le es dado su material: las palabras, como al escultor el mármol o el bronce. Ha de ver en ellos, por de pronto, lo que aún no ha recibido forma, lo que puede ser mero sustentáculo de un mundo ideal: materia no elaborada, en suma. Esto quiere decir que, mientras el artista de arte plástico, comienza venciendo resistencias de la materia inerte, el poeta lucha con otra suerte de referencias: las que ofrecen aquellos productos espirituales: las palabras, que constituyen su material. Las palabras, a diferencia de las piedras, maderas o metales, son ya por sí mismas significaciones humanas, a las cuales da el poeta, necesariamente, otra significación.



ANTONIO MACHADO, *Los complementarios*.

- Una vez leído y aclarado el significado de las palabras que no conozca, haga un resumen de lo que el autor quiere expresar en este texto.


En la siguiente página encontrará ejercicios para practicar que incluyen además las soluciones:

<http://roble.pntic.mec.es/msanto1/lengua/-litera.htm#m3>

2.2 El texto narrativo: punto de vista, tiempo y espacio, personajes principales

La **narración** es un tipo de texto en el que se cuentan hechos reales o ficticios que suceden a unos personajes en un tiempo y en un espacio determinados. Según el canal por el que se transmite, un texto narrativo puede ser oral o escrito; según la naturaleza del suceso que se relata, ficticio o real.

La narración, sobre todo en los textos literarios, suele estar combinada con el diálogo y con la descripción, dando lugar a textos complejos con distintas secuencias.



2.2.1 Elementos de la narración

En la narración están presentes los siguientes elementos:

- La estructura.
- El narrador (punto de vista).
- El espacio y el tiempo.
- Los personajes.
- El discurso narrativo.

Vamos a verlos con un poco de detalle:

La estructura

Estructurar una narración significa establecer cuáles son las partes que la componen y cómo se relacionan entre sí, de manera que cada una esté en el lugar adecuado, tenga la extensión correcta, encaje bien con las otras partes y contribuya a la unidad del texto.

Diferenciaremos la estructura externa y la interna:

- **Estructura externa:** forma en que se distribuye el texto: párrafos, capítulos, partes, tratados, libros, secuencias, actos y escenas, titular y cuerpo.
- **Estructura interna:**
 - Según la *organización de los contenidos*, suele dividirse en 3 partes:
 - *Planteamiento*: presenta el contexto (personajes, ambiente, lugares, circunstancias temporales...).
 - *Nudo*: conflicto, transforma la situación inicial.
 - *Desenlace*: resolución del conflicto, nueva situación estable.
 - Según el *orden cronológico* de los acontecimientos:
 - *Acción lineal*: la acción se desarrolla cronológicamente, sin anacronías ni saltos temporales.
 - *Evocación retrospectiva*: la narración se estructura con frecuentes vueltas al pasado.
 - *Anticipaciones*: saltos temporales hacia el futuro.
 - *In media res*: la acción se sitúa en medio del relato, vuelve atrás para narrar desde el comienzo y, cuando llega al centro, prosigue linealmente hacia el final.
 - Estructura circular: la historia finaliza en el mismo punto en que se inició.

Conviene además diferenciar otros dos elementos importantes dentro de la estructura:

- **Argumento**: conjunto de todos los hechos en orden cronológico y causal.
- **Trama**: los hechos tal como los ha organizado el autor.

El narrador (punto de vista)

El **narrador** es una creación del autor para poder relatar la historia según un plan trazado de antemano. Su punto de vista es fundamental ya que establece el grado de distanciamiento que proyecta el autor con respecto a su relato.

En un texto podemos encontrarnos con los siguientes narradores:

- **Narración en primera persona o narrador interno.** La voz narradora es un personaje de la historia que cuenta. Puede ser:
 - “*Yo protagonista*”: la historia es contada en primera persona por el propio protagonista; narra una historia en la que interviene activamente. Su visión es limitada: solo puede contar lo que él sabe, lo que ve o piensa.

“Llegó el día de apartarme de la mejor vida que hallo haber pasado. Dios sabe lo que sentí al dejar tantos amigos y apasionados, que eran sin número. Vendí lo poco que tenía, de secreto para el camino, y con ayuda de unos embustes, hice hasta seiscientos reales”.

FRANCISCO DE QUEVEDO. *Historia de la vida del Buscón*.

- “*Yo testigo*”: la historia es contada por un personaje secundario que observa los hechos. Se limita a contar lo que ve, piensa o escucha.

“Luego se habían metido poco a poco las dos y se iban riendo, conforme el agua les subía por las piernas y el vientre y la cintura. Se detenían, mirándose, y las risas les crecían y se les contagiaban como un cosquilleo nervioso. Se salpicaron y se agarraron dando gritos, hasta que ambas estuvieron del todo mojadas, jadeantes de risa”

RAFAEL FERLOSIO, *El Jarama*.

- **Narración en segunda persona.** La voz narradora dialoga con el lector o lectores, se desdobra y se habla a sí mismo, a su propio yo. (Se emplea muy raramente).
- **Narración en tercera persona o narrador externo.** El narrador cuenta la historia desde fuera. Puede asumir distintos puntos de vista:
 - “*Omnisciente*”: lo sabe todo acerca de todos los personajes, conoce su pasado, sus pensamientos, sus deseos, sus sentimientos... Su visión es total y llega, en ocasiones, a juzgar, opinar, interpelar al lector etc.

“La mañana del 4 de octubre, Gregorio Olías se levantó más temprano de lo habitual. Había pasado una noche confusa, y hacia el amanecer creyó soñar que un mensajero con antorcha se asomaba a la puerta para anunciarle que el día de la desgracia había llegado al fin”.

LUIS LANDERO, *Juegos de la edad tardía*.

- “*Objetivo*”: el narrador se limita a contar lo que ve, pero sin juzgar ni opinar. Actúa como si fuese una cámara cinematográfica que registra diálogos, ruidos, movimientos... En este caso lo fundamental es la descripción y el diálogo.

Don Pablo extiende el periódico sobre la mesa y lee los titulares. Por encima de su hombro, Pepe procura enterarse. La señorita Elvira hace una seña al chico.

CAMILO JOSÉ CELA, *La colmena*.

Narrador “editor”: el narrador responsabiliza de la autoría de la obra a uno de los personajes, que la narrará en primera persona.

- **Narrador múltiple**: varios personajes narran en primera o tercera persona el relato, dándonos cada uno su versión del mismo hecho.

A lo mejor viene para traerme la cena; le voy a preguntar cómo se llama, si va a ser mi enfermera tengo que darle un nombre. Pero en cambio vino otra, una señora muy amable vestida de azul que me trajo un caldo y bizcochos y me hizo tomar unas pastillas verdes. También ella me preguntó cómo me llamaba y si me sentía bien, y me dijo que en esta pieza dormiría tranquilo porque era una de las mejores de la clínica, y es verdad porque dormí hasta casi las ocho en que me despertó una enfermera chiquita y arrugada como un mono pero muy amable, que me dijo que podía levantarme y lavarme pero antes me dio un termómetro y me dijo que me lo pusiera como se hace en estas clínicas, y yo no entendí porque en casa se pone debajo del brazo, y entonces me explicó y se fue. Al rato vino mamá y qué alegría verlo tan bien, yo que me temía que hubiera pasado la noche en blanco el pobre querido, pero los chicos son así, en la casa tanto trabajo y después duermen a pierna suelta aunque estén lejos de su mamá que no ha cerrado los ojos la pobre. El doctor De Luisi entró para revisar al nene y yo me fui un momento afuera porque ya está grandecito, y me hubiera gustado encontrármela a la enfermera de ayer para verle bien la cara y ponerla en su sitio nada más que mirándola de arriba a abajo, pero no había nadie en el pasillo. Casi en seguida salió el doctor De Luisi y me dijo que al nene iban a operarlo a la mañana siguiente, que estaba muy bien y en las mejores condiciones para la operación, a su edad una apendicitis es una tontería.

JULIO CORTÁZAR, *La señorita Cora*.

S2. Identifique, en los fragmentos novelescos siguientes, qué tipo de narrador interno cuenta la historia.

Ayer vino Gertru. No la veía desde antes del verano. Salimos a dar un paseo. Me dijo que no creyera que porque ahora está tan contenta ya no se acuerda de mí; que estaba deseando poder tener un día para contarme cosas. Fuimos por la chopera del río paralela a la carretera de Madrid. Yo me acordaba del verano pasado, cuando veníamos a buscar bichos para la colección con nuestros frasquitos de boca ancha llenos de serrín empapado de gasolina. Dice que ella este curso por fin no se matricula, porque a Ángel no le gusta el ambiente del Instituto. Yo le pregunté que por qué [...].

CARMEN MARTÍN GAITE, *Entre visillos*.

[...] Y entonces Lázaro, mi hermano, tan pálido y tembloroso como don Manuel cuando le dio la comunión, me hizo sentarme, en el sillón mismo donde solía sentarse nuestra madre, tomó huelgo, y luego, como en íntima confesión doméstica y familiar, me dijo:- Mira, Angelita, ha llegado la hora de decirte la verdad, y te la voy a decir, porque debo decírtela, porque a ti no puedo, no debo callártela y porque además habrías de adivinarla, y a medias, que es lo peor, más tarde o más temprano. Y entonces, serena y tranquilamente, a media voz, me contó una historia que me sumergió en un lago de tristeza. Cómo don Manuel había venido trabajando, sobre todo en aquellos paseos a las ruinas de la vieja abadía cisterciense, para que no escandalizase, para que diese buen ejemplo, para que se incorporase a la vida religiosa del pueblo, para que fingiese creer si no creía [...].

MIGUEL DE UNAMUNO, *San Manuel Bueno, mártir*.

El espacio y el tiempo

El espacio es el lugar o conjunto de lugares, reales o imaginarios, en que suceden los hechos. A veces el espacio es más que un simple decorado: influye en los personajes y crea un ambiente que adquiere un papel protagonista.

En el tratamiento del tiempo tenemos que diferenciar entre:

- Tiempo externo o tiempo de la historia: época, momento histórico, fecha en que se sitúa la historia. Puede abarcar años, décadas... o ser tan breve como un día o unas horas. Las narraciones pueden estar situadas en el presente, en el pasado o en un futuro imaginario.
- Tiempo interno o tiempo del discurso: es el orden en que el narrador presenta los acontecimientos. En este caso debemos tener en cuenta la cantidad y orden de los hechos.
 - El orden es el modo de organizar los hechos en el tiempo. Puede ser:
 - Lineal, cuando los hechos se presentan ordenados cronológicamente.
 - Con saltos temporales hacia el pasado (analepsis) o hacia el futuro (prolepsis).
 - La cantidad de acontecimientos que se narran en una parte del discurso. El ritmo del relato vendrá marcado por la equivalencia que haya entre el tiempo de la historia y el tiempo del discurso. Para lograr un ritmo rápido, el texto puede echar mano de resúmenes (en poco espacio transcurre mucho tiempo) o de la elipsis (se suprime una parte de la historia). El ritmo lento se consigue a través de descripciones y digresiones o con ralentí (a lo largo de muchas páginas se cuenta una acción que ocurre en un tiempo muy breve). En las escenas, mediante diálogos, se consigue que el tiempo de la historia sea igual al del discurso.

Actividade proposta

S3. Poña atención ás referencias temporais deste texto e conteste as preguntas.

Outro dos meus praceres baratos consistía en sentarme en Washington Square. Non deixaba de ser un descanso no medio de todo o rebumbio de Manhattan. Pero a miña querenza por Washington Square aínda dependía doutra razón; a novela con este título de Henry James, que lera eu había moito, sendo estudante nun medio social moi diferente. Xustamente nesta novela afirmase que o ideal dun retiro tranquilo e doce atopábase para os habitantes de New York, en 1835, en Washington Square. Todo canto podo dicir é que eu atopei o mesmo cento vintetantos anos despois; non sei se foi cuestión de sorte.

CAMILO GONSAR, *Cara a Times Square*.

- No relato aparecen tres secuencias temporais distintas. Identifíqueas.
- Cal é o fío condutor que une as distintas secuencias temporais do relato?

Los personajes

Los **personajes** son el elemento fundamental de la narración; funcionan como el hilo conductor del relato, ya que son los agentes de los hechos.

Según su grado de intervención en el relato distinguiremos varios tipos:

- **Principales:** los que ocupan la mayor parte del relato y conducen la acción. Entre estos se encuentra el **protagonista**, el centro de la narración. Puede ser un individuo o toda una colectividad. En ocasiones se le opone un **antagonista**. Los protagonistas suelen ser personajes **redondos**, porque evolucionan a lo largo del relato.
- **Secundarios:** tienen menor presencia en el relato. Acompañan al protagonista, con quien se relacionan. Normalmente son personajes **planos**, que no evolucionan o responden a un arquetipo.
- **Incidentales o episódicos:** forman parte del contexto. Su presencia es ocasional y su nivel de participación en la acción es mínimo.

El discurso narrativo

Las **formas lingüísticas** características de la narración son los verbos y los marcadores temporales, a través de los cuales se expresan las acciones que se suceden en el tiempo. Cuando el relato se detiene para explicar cómo es algo, se pasa a la **descripción**; y cuando se cede la palabra a los personajes aparece el **diálogo**. El **diálogo**: se inserta en el texto narrativo de varias formas:

- **Estilo directo:** reproduce al pie de la letra las palabras de los personajes. Requiere recursos tipográficos, como guiones o comillas, para introducir las palabras de los personajes: –*“Te mataré antes de devolvarte el dinero” –dijo ella.*

- **Estilo indirecto:** el narrador relata o resume las palabras de los personajes en 3ª persona. Las palabras se insertan en el discurso como *oración subordinada*: “Ella me dijo que me mataría antes que devolverme el dinero”.

Lea el siguiente texto en el que aparecen subrayados los verbos de habla y todo el discurso narrado del personaje en morado:

“Ayer vino Gertru. No la veía desde antes del verano. Salimos a dar un paseo. Me dijo que no creyera que porque ahora está tan contenta ya no se acuerda de mí; que estaba deseando poder tener un día para contarme cosas. Fuimos por la chopera del río paralela a la carretera de Madrid. Yo me acordaba del verano pasado, cuando veníamos a buscar bichos para la colección con nuestros frasquitos de boca ancha llenos de serrín empapado de gasolina. Dice que ella este curso por fin no se matricula, porque a Ángel no le gusta el ambiente del Instituto. Yo le pregunté que por qué, y es que ella por lo visto le ha contado lo de Fonsi, aquella chica de quinto que tuvo un hijo el año pasado. En nuestras casas no lo habíamos dicho; no sé por qué se lo ha tenido que contar a él. Me enseñó una polvera que le ha regalado, pequeñita, de oro”.

CARMEN MARTÍN GAITE, *Entre visillos*.

- **Estilo indirecto libre:** el narrador, en 3ª persona, reproduce las palabras de los personajes sin nexos ni marcas tipográficas. *Sergio llegó a casa agotado y me confesó que aquella era la última vez que cogía la bici* (estilo indirecto). *Sergio llegó a casa agotado, aquella era la última vez que cogía la bici* (estilo indirecto libre).

“Y cuando el espectro de la necesidad se le aparecía y susurraba en su oído con terrible cifra el conflicto económico del día siguiente, doña Pura se estremecía de pavor, diciendo: «No, no; antes las camisas que las cortinas». Desnudar los cuerpos le parecía sacrificio tolerable; pero desnudar la sala... ¡eso nunca! Los de Villaamil, a pesar de la cesantía con su grave disminución social, tenían bastantes visitas. ¡Qué dirían estas si vieran que faltaban las cortinas de seda, admiradas y envidiadas por cuantos las veían! Doña Pura cerró los ojos queriendo desechar la fatídica idea y dormirse”.

BENITO PÉREZ GALDÓS, *Miau*.

- **Monólogo:** el personaje habla consigo mismo en 1ª persona o se dirige a alguien sin esperar respuesta.

En teniendo con qué alimentarnos y con qué cubrirnos, estemos con eso contentos. Los que quieren enriquecerse caen en tentaciones, en lazos y en muchas codicias locas y perniciosas que hunden a los hombres en la perdición y en la ruina, porque la raíz de todos los males es la avaricia, y por eso mismo me será muy difícil perdonarte, cariño, por mil años que viva, el que me quitases el capricho de un coche. Comprendo que a poco de casarnos eso era un lujo, pero hoy un Seiscientos lo tiene todo el mundo, Mario, hasta las porteras si me apuras, que a la vista está. Nunca lo entenderás, pero a una mujer, no sé como decirte, le humilla que todas sus amigas vayan en coche y ella a patita, que, te digo mi verdad, pero cada vez que Esther o Valentina o el mismo Crescente, el ultramarinero, me hablaban de su excursión del domingo me enfermaba, palabra. Aunque me esté mal decirlo, tú has tenido la suerte de dar con una mujer de su casa, una mujer que de dos saca cuatro y te has dejado querer, Mario, que así qué cómodo, que te crees que con un broche de dos reales o un detallito por mi santo ya está cumplido, y ni hablar, borrico, que me he hartado de decirte que no vivías en el mundo pero tú, que si quieres. Y eso, ¿sabes lo que es, Mario? Egoísmo puro, para que te enteres, que ya sé que un catedrático de Instituto no es un millonario, ojalá, pero hay otras cosas, creo yo, que hoy en día nadie se conforma con un empleo. Ya, vas a decirme que tú tenías tus libros y “El Correo”, pero si yo te digo que tus libros y tu periodicucho no nos han dado más que disgustos, a ver si miento, no me vengas ahora, hijo, líos con la censura, líos con la gente y, en sustancia, dos pesetas.

MIGUEL DELIBES, *Cinco horas con Mario*.

El **monólogo interior** reproduce el fluir de la conciencia, de forma inconexa, desordenada, repetitiva.

Solo aquí, qué bien, me parece que estoy encima de todo. No me puede pasar nada. Yo soy el que paso. Vivo. Vivo. Fuera de tantas preocupaciones, fuera del dinero que tenía que ganar, fuera de la mujer con la que me tenía que casar, fuera de la clientela que tenía que conquistar, fuera de los amigos que me tenían que estimar, fuera del placer que tenía que perseguir, fuera del alcohol que tenía que beber. Si estuvieras así. Manténte ahí. Ahí tienes que estar. Tengo que estar aquí, en esta altura, viendo cómo estoy solo, pero así, en lo alto, mejor que antes, más tranquilo, mucho más tranquilo. No caigas. No tengo que caer. Estoy así bien, tranquilo, no me puede pasar nada, porque lo más que me puede para es seguir así, estando donde quiero estar, tranquilo, viendo todo, tranquilo, estoy bien, estoy bien, estoy muy bien así, no tengo nada que desear.

LUIS MARTÍN SANTOS, *Tiempo de silencio*.

Desde el punto de vista lingüístico, y puesto que lo narrado son principalmente acciones, el verbo ocupa un lugar destacado. Predominan los verbos en pasado, en especial los pretéritos perfectos simples y los imperfectos de indicativo.

No seguinte enderezo pode facer un repaso dos contidos vistos e realizar exercicios complementarios.


https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1367235034/contido/ODE_noticia/noticia/noticia/o_narrador.html

2.3 O texto teatral: os subxéneros teatrais

Lembre que na *unidade 4* do módulo 1 xa se falou das características dos textos dramáticos e da representación teatral.

Subxéneros dramáticos

Os subxéneros teatrais máis importantes son a **traxedia**, a **comedia** e o **drama**. A comedia e a traxedia levan á escena o espectáculo da vida, mostrando a súa complexidade e beleza mediante a alegría e a dor, tal e como representan as máscaras. Os actores, na antigüidade, actuaban con elas e elixían unhas ou outras en función de se a obra que se representaba era trágica ou cómica.




Obras extensas

- **A traxedia:** representábase en honor a Dionisos, deus do viño, con temas de asunto elevado nos que se presentaban historias de personaxes enfrontados a conflitos diversos, pero marcados dende o principio por un destino fatal. O desenlace é doloroso e recibe o nome de *catarse*. Son as paixóns humanas que saen purificadas, poñendo vivamente de relevo o problema do home e o seu destino.
- **A comedia:** presenta unha acción na que predominan os aspectos pracenteiros, festivos e burlescos; buscan o sorriso do público ao tempo que fan unha crítica dos vicios e males da sociedade. O desenlace adoita ser feliz.

Unha variante destas dúas é a **traxicomedia**, que presenta trazos tanto da traxedia como da comedia. Este xénero literario foi iniciado a finais do século XV por Fernando de Rojas na *Celestina*, titulada no momento da súa composición como *Tragicomedia de Calisto y Melibea*.

- **O drama:** é semellante á traxedia polo seu contido pero presenta temas máis cercanos á realidade do ser humano e á súa vida cotiá cun desenlace menos ríxido que na traxedia.



Ramón M^a del Valle-Inclán

O dramaturgo galego Ramón María del Valle-Inclán achegou unha plástica clasificación dos tres xéneros dramáticos. Para el, na *traxedia*, o autor considera os personaxes superiores á natureza humana (míraos de xeonllos); no *drama*, atribúelles a común natureza humana (míraos fronte a fronte); e na *comedia*, xúlgaos inferiores a el, burlando ou ironizando sobre eles (míraos dende arriba).

Obras breves

- O **auto sacramental:** é un texto dramático breve, dun só acto, en verso, con personaxes alegóricos (*a Avaricia, os Pecados, a Igrexa...*) e de tema relixioso como a Eucaristía, a redención de Cristo, a vida da Virxe etc. Adoitaban ser representados para celebrar algunha festividade relixiosa, na igrexa ou na praza pública, sen apenas decorado.
- O **entremés:** pequena obra dramática que se representaba nos entreactos dunha obra maior co obxectivo de entreter e divertir ao espectador.
- O **sainete:** obra dun ou dous actos breves, frecuentemente cómica, de ambiente e personaxes populares que se representa en función independente. Adoita incluír música e baile.

Obras musicais

Xunto coas manifestacións vistas, aparecen os xéneros dramático-musicais. Forman o chamado teatro lírico e xorden pola relación entre teatro e música. Os seus tipos principais son:

- A **ópera**: obra cantada e musicada que xeralmente trata asuntos trágicos e presenta un ton elevado. Poderíamos citar entre as máis coñecidas *Tosca* e *Madame Butterfly*, de Giacomo Puccini, ou *Rigoletto* e *A Traviata*, de Giuseppe Verdi.



- A **zarzuela**: xénero musical escénico que xurdiu en España, distínguese principalmente por conter partes instrumentais, partes cantadas (solos, dúos, coros...) e partes faladas, de ton popular. *El barberillo de Lavapiés*, de Barbieri, *La verbena de la paloma*, de Tomás Bretón, ou *La revoltosa*, de Ruperto Chapí, son exemplos representativos deste xénero.

No seguinte enlace pode gozar das mellores arias de ópera: Turandot, Rigoletto, La Traviata, Aida, Norma...

<https://www.youtube.com/watch?v=Z1uvnuQkmUU>

2.4 A análise de textos literarios. O comentario de textos

Comentar un texto literario é, moitas veces, como traducir un texto escrito nun idioma estraño de maneira que sexa comprensible para todos. Polo tanto, temos que ir, paso a paso, **descifrando a conexión que existe entre a forma** (expresión) e o **fondo** (contido).

Teña en conta que non hai unha única forma de abordar un comentario de texto; existen diferentes enfoques e todos eles poden ser válidos se se consegue o obxectivo de desentrañar a forma e o contido do texto.

Para comentar un texto literario seguiremos os seguintes pasos:

- **Lectura** atenta do texto.
- **Localización.**
- Determinación do **tema.**
- Determinación da **estrutura.**
- **Comentario:** análise da forma a partir do tema.
- **Conclusión.**

Lectura atenta do texto

Lectura comprensiva. Hai que ler o texto tantas veces sexa necesario até comprendelo ben. É imprescindible ter un dicionario á man para consultar aquelas palabras cuxo significado non teñamos claro. Aquí ten os enlaces dos dicionarios en galego [RAG](#) e en castelán [RAE](#).

Despois desta lectura, debemos ter xa unha idea xeral do asunto que trata. Pode que esta primeira impresión sufra modificacións totais ou parciais cando pasemos á análise do texto, pero debemos ter un primeiro punto de partida.

Convén numerar os versos ou as liñas de cinco en cinco.

Localización

- Sinale o **xénero literario** ao que pertence o texto (lírico, narrativo, dramático).
- Concrete que **técnica de expresión** (modalidade narrativa) se emprega: narración, descrición, diálogo, exposición ou argumentación.
- Determine se se trata dun texto independente ou dun fragmento:
 - Se é un texto independente ou completo, debe localizalo nun momento determinado da traxectoria artística do escritor.
 - Se é un fragmento, debe situalo dentro da obra á que pertence, e esta, dentro da produción total do escritor.
- Localice o autor no seu movemento literario concreto, relacionando as mensaxes principais do texto coas actitudes estéticas da época na que se escribe.

Determinación do tema

Resuma o contido do texto nunhas poucas frases –sen necesidade de escribilo– para axudarlle a saber exactamente o que o autor quere expresar.

Indique o tema do texto, que debe recoller a idea central ou asunto, incluíndo, a ser posible, a intención do emisor nun enunciado conciso e sinxelo.

Determinación da estrutura

▪ Externa:

- En poesía: determinar a estrutura métrica, rima, acentuación.
- En teatro: división en escenas, cadros ou actos, parlamentos, monólogos, apartes e anotacións.
- En narrativa: división en parágrafos e determinar as formas de expresión, xa sexan pasaxes narrativas, descritivas, dialogadas, expositivas ou argumentativas.

▪ Interna:

Sinalamos os apartados do texto seguindo como criterio a relación do seu contido co asunto xeral. Estes apartados non teñen por que coincidir necesariamente coas estrofas nun poema ou cos parágrafos na prosa. O obxectivo desta división en apartados é sinalar como evolucionan o tema e a intención do autor ao longo do texto.

Comentario: análise da forma partindo do tema

Partimos do principio de que hai unha estreita relación entre o tema do texto e a súa forma: *o tema dun texto está presente en todos os trazos formais dese texto*. Coa explicación do texto buscamos xustificar cada trazo formal deste como unha esixencia do tema ou do movemento estético ao que pertence.

O que queremos é demostrar que a expresión utilizada, os recursos retóricos empregados están en relación co contido, serven para intensificalo e darlle a forma que o autor buscaba. Na análise dun texto debemos, a cada paso, facernos a pregunta: *por que isto?* e tratar de xustificalo como unha esixencia do tema.

Conclusión

Valore o texto tendo en conta os aspectos máis relevantes que teña comentado previamente. Debe resumir cun breve texto as cuestións que máis lle chamaran a atención pola súa forza expresiva, pola súa orixinalidade e representatividade.

Actividad propuesta

S4. Comente el siguiente fragmento de *El Lazarillo de Tormes* de Diego Hurtado de Mendoza siguiendo las pautas vistas anteriormente.

Sentéme al cabo del poyo y, porque no me tuviese por glotón, callé la merienda y comienzo a cenar y morder en mis tripas y pan, y disimuladamente miraba al desventurado señor mío, que no partía sus ojos de mis faldas, que aquella sazón servían de plato. Tanta lástima haya Dios de mí como yo había dél, porque sentí lo que sentía, y muchas veces había por ello pasado y pasaba cada día. Pensaba si sería bien comedirme a convidalle; mas, por me haber dicho que había comido, temíame no aceptaría el convite. Finalmente, yo deseaba que el pecador ayudase a su trabajo del mío, y se desayunase como el día antes hizo, pues había mejor aparejo, por ser mejor la vianda y menos mi hambre.



Quiso Dios cumplir mi deseo, y aun pienso que el suyo; porque, como comencé a comer y él se andaba paseando, llegóse a mí y díjome:

-Dígame, Lázaro, que tienes en comer la mejor gracia que en mi vida vi a hombre, y que nadie te lo verá hacer que no le pongas gana, aunque no la tenga.

«La muy buena que tú tienes -dije yo entre mí- te hace parecer la mía hermosa».

Con todo, parescióme ayudarle, pues se ayudaba y me abría camino para ello, y díjele:

-Señor, el buen aparejo hace buen artífice. Este pan está sabrosísimo y esta uña de vaca tan bien cocida y sazonada, que no habrá a quien no convide con su sabor.

-¿Uña de vaca es?

-Sí, señor.

-Dígame que es el mejor bocado del mundo y que no hay faisán que así me sepa.

-Pues pruebe, señor, y verá qué tal está.

Póngole en las uñas la otra y tres o cuatro raciones de pan de lo más blanco. Y asentóseme al lado y comienza a comer como aquel que lo había gana, royendo cada huesecillo de aquéllos mejor que un galgo suyo lo hiciera.

